

## **Medidas relativas as Condicións de Traballo do PDI para o curso 2020/21 na Universidade de Vigo**

Ante a situación de pandemia provocada pola COVID 19 e a súa previsible influencia no desenvolvemento do curso 2020/21, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión extraordinaria de 12 de xuño de 2020, aprobou por unanimidade, tralo correspondente proceso de emendas aberto a toda a Comunidade Universitaria, o documento de “Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria”.

En base ao indicado no punto 1.2 de dito documento, por Resolución Reitoral de 17 de xuño de 2020, decretouse que o curso académico 2020/21 comece o día 21 de setembro de 2020 na modalidade de “docencia mixta”, aínda que algunhas titulacións comezarán o curso en modalidade exclusivamente presencial, tras a correspondente autorización do Consello de Goberno.

O desenvolvemento e posta en marcha do acordo e da resolución indicados suporá a adopción de determinadas medidas que afectan as condicións de traballo do PDI da Universidade de Vigo, polo que, en cumprimento do recollido na lexislación vixente, tras o correspondente debate, a Mesa de Negociación do PDI da Universidade de Vigo toma os seguintes ACORDOS:

### **Sobre os Dereitos e Deberes do PDI**

- Con carácter xeral, recoñécense os mesmos dereitos e deberes ao PDI con independencia de que desenrole a súa actividade na modalidade presencial ou non presencial.
- Así, a realización de actividades en modalidade non presencial por parte do PDI non suporá variación algunha da súa xornada laboral nin retribucións.
- O PDI poderá fixar de maneira flexible o seu horario de traballo para cumprir a súa xornada laboral, sempre que cumpra coas súas obrigas docentes e investigadoras, debéndose respectar, en todo caso, o descanso necesario e o seu dereito á desconexión dixital fora de dito horario.
- O PDI deberá coñecer e cumprir as medidas de seguridade establecidas para a realización da súa actividade laboral, baixo a súa responsabilidade.
- No caso de que un PDI teña dúbidas sobre si o seu posto de traballo cumpre as medidas sanitarias decretadas deberá realizar a correspondente consulta á dirección ou decanato do centro indicando as posibles circunstancias persoais que poidan concorrer, e solicitando, de ser o caso, as adaptacións necesarias, que poderán consistir, no caso de espazos compartidos, no establecemento de quendas para o traballo presencial.

- A Universidade elaborará e manterá actualizado un “Manual para a docencia e a avaliación non presencial para o curso 2020/21” no que se delimiten os dereitos e obrigas do alumnado e o profesorado, especialmente no referente á protección de datos de carácter persoal, dereitos de propiedade intelectual e dereitos da propia imaxe nos escenarios de docencia e avaliación non presencial.

### **Sobre a Actividade Docente**

- Con carácter xeral, a actividade planificada nos horarios docentes do profesorado realizarase de xeito presencial nos centros, tanto para aquelas actividades programadas con alumnado nas aulas como para aquelas que o alumnado siga a distancia.
- Non obstante o indicado no punto anterior, o PDI poderá levar a cabo a súa actividade docente sen asistir aos centros docentes nos seguintes casos:
  - Cando o Reitor así o decreta por motivos sanitarios.
  - Cando, trala solicitude correspondente do interesado, á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado así o autorice.
- Serán en todo caso motivos suficientes para dita autorización os seguintes:
  - Necesidade de manter confinamento por motivo da COVID19.
  - Ter ao seu cargo menores de 14 anos que se vexan afectados polo peche de centros escolares<sup>1</sup>.
  - Ter ao seu cargo maiores dependentes que se vexan afectados polo peche dos centros de maiores<sup>1</sup>.
  - Estar incluído nun grupo vulnerable ao COVID-19 e dispor do correspondente informe emitido polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais que recomende non acudir ao centro de traballo co nivel de risco declarado nese momento.
- A Universidade facilitará aos docentes o material de protección e hixiene necesario para minimizar o risco de contaxio e propagación da COVID-19 durante a súa actividade docente.
- O profesorado incluído nun grupo vulnerable ao COVID-19 poderá solicitar á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado a adaptación das súas condicións de traballo para evitar riscos. Tras recabar o preceptivo informe de valoración do Servizo de Prevención de Riscos Laborais procederase, baixo petición do profesor, as adoptar as correspondentes medidas de prevención, adaptación do posto de traballo ou protección, en coordinación co Centro e o Departamento, tal como se ven facendo para calquera outra patoloxía. No caso de que ditas adaptacións inclúan a necesidade de material adicional de

---

<sup>1</sup> No caso de que ambos proxenitores ou responsables da persoa dependente teñan a condición de empregados ou empregadas públicos, non poderán gozar desta medida simultaneamente. Así mesmo deberá acreditarse mediante declaración responsable que non hai outra persoa que poida facerse cargo do coidado do menor ou maior.

protección para realizar a súa labor docente, este será proporcionado pola Universidade en función do nivel de risco declarado en cada momento.

- A labor de titoría do alumnado farase preferentemente en modalidade non presencial e respectando o horario laboral do docente.
- No caso de que a Universidade decrete o paso obrigatorio á modalidade de impartir docencia desde fora do centro de traballo, o PDI que acredite necesidades tecnolóxicas para a realización das súas tarefas docentes, deberá comunicalo ás direccións ou decanatos dos seus centros para que a Universidade, na medida do posible, arbitre as medidas necesarias para atendelas.

### **Sobre a Actividade Investigadora e de Transferencia**

- As persoas responsables de cada centro e laboratorio de investigación determinarán o seu grao de ocupación e os procedementos de traballo correspondentes para asegurar o cumprimento das condicións de seguridade establecidas polas autoridades en cada momento, do que deberá informar a todo o persoal investigador usuario dese espazo.
- Respecto ao material de protección para a actividade investigadora e de transferencia nos laboratorios, a Universidade subministrará o material de protección e hixiene necesario para minimizar o risco de contaxio e propagación da COVID-19. O material de protección correspondente aos riscos propios da actividade no laboratorio deberá seguir sendo adquirido polos grupos de investigación.
- Cada investigador poderá organizar a súa actividade investigadora e de transferencia, en coordinación co seu grupo, combinando actividade presencial nos centros con actividade non presencial, co obxectivo de conseguir un entorno de traballo responsable e seguro.

### **Sobre a Formación do PDI**

- Para cada un dos cuatrimestres do curso 2020/21 negociarase un calendario de cursos especificamente orientados a mellorar ou reforzar os coñecementos sobre metodoloxías docentes non presenciais e ferramentas tecnolóxicas para a docencia e a avaliación en liña, que serán voluntarios para o profesorado.
- Para a detección de necesidades formativas do PDI, a Universidade realizará antes do comezo de cada cuatrimestre unha enquisa entre o profesorado.
- Ao finalizar cada cuatrimestre, elaborárase un informe sobre as actividades formativas realizadas, que incluírá os resultados de valoración dos mesmos por parte dos participantes.
- Dentro das dispoñibilidades orzamentarias, procurarase unha oferta suficiente para cubrir a demanda de prazas por parte do profesorado. Neste sentido, a oferta contemplará algúns cursos de asistencia masiva.

- No caso de que a oferta de prazas dalgún curso non cubra a demanda, terán preferencia para seguilo as persoas preinscritas que teñan docencia no cuadrimestre correspondente e que non teñan asistido a ningún curso nese período. En todo caso, procurarase a programación de edicións adicionais do curso.
- A Universidade fomentará a creación de espazos de aprendizaxe e colaboración entre os docentes para súa mellora continua, que incluírán a posta a disposición do PDI de recursos formativos e a creación de espazos para o intercambio de experiencias e boas prácticas.